



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Inserción e orientación laboral		Código	652606612
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves	Correo electrónico	neves.arza@udc.es	
Web				
Descripción xeral				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Identificar as atribucións docentes e as funcións do profesorado da especialidade de FOL no campo da orientación profesional e compreender a importancia e necesidade de formación neste campo		AP15	CM7
Analizar o currículo das materias e módulos da especialidade de FOL tendo como criterios as características conceptuais da orientación profesional, as áreas e modelos de intervención.		AP15 AP16	
Analizar o desenvolvemento teórico da orientación, coñecer as características conceptuais, as áreas, os principios e os modelos de intervención da orientación profesional e reflexionar sobre as súas implicacións para a práctica.		AP15 AP17 AP19	
Utilizar axeitadamente a terminoloxía do campo da orientación e inserción profesional.			CM1
? Analizar as funcións sociopolíticas da orientación profesional reflexionar sobre as posibilidades e características dunha orientación profesional para o cambio que incida nunha praxe non discriminatoria		AP15 AP19	CM4
Identifica-los factores que interveñen na inserción laboral e analiza-la súa relación coas áreas de intervención.		AP19	
Analizar a influenza do xénero na toma de decisións académicas e profesionais e na inserción laboral e identificar os indicadores da desigualdade de xénero no sistema educativo e no mercado laboral.		AP19	CM4
Analizar e deseñar programas e materiais de orientación profesional para o ensino secundario, para a formación profesional básica e para os ciclos formativos.		AP20 AP21 AP25	
Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero na orientación profesional e deseñar propostas didácticas nas que se integre.		AP18 AP20	
Coñecer as posibilidades de utilización de Internet e da web 2.0 na OP e concretalas na programación das materias da especialidade		AP16 AP19 AP20	CM3
Coñecer a evolución e situación actual da orientación profesional no sistema educativo e no ámbito laboral, principalmente, no que fai ós aspectos organizativos, funcionais e profesionais.		AP17	CM7



Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A orientación profesional: campo de intervención do profesorado de FOL	1.1. A orientación profesional/laboral no currículo dos módulos e áreas que imparte o profesorado de FOL 1.2. A orientación profesional/laboral como función: as atribucións do profesorado de FOL nos departamentos de orientación e nos departamentos de información e orientación profesional. 1.3. A orientación profesional no temario de acceso á especialidade 1.4. Perfil profesional do/a orientador/a laboral
Tema 2. Orientación profesional e orientación laboral	2.1 Delimitación, caracterización conceptual da orientación profesional e da orientación laboral e relacóns entre ambas. 2.2. Inserción laboral, profesional, sociolaboral e transición da escola a vida activa. Factores de inserción laboral. 2.3. Áreas de intervención 2.4. Modelos de intervención 2.5. A orientación na avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias
Tema 3. Xénero e orientación profesional	3.1. O xénero como factor condicionante da toma de decisións académicas e profesionais. 3.2. Radiografía das desigualdades de xénero no sistema educativo e no mercado laboral 3.3. A OP non discriminatoria (tamén non sexista ou para a igualdade de oportunidades) na normativa legal: evolución e situación actual. 3.4. A perspectiva de xénero na OP: conceptualización e pautas para a súa integración. 3.5. Análise e deseño de programas e actividades de OP que integran a perspectiva de xénero.
Tema 4. A utilización de internet e da web 2.0 en orientación profesional	4.1. Ámbitos de utilización de Internet 4.2. As aplicacións da web 2.0 4.3. As competencias dixitais do profesorado de FOL
Tema 5. Desenvolvemento e situación actual da orientación profesional e laboral no sistema educativo e no ámbito laboral	2.1. Principais fitos e tendencias no desenvolvemento da OP. 2.2. Organización e funcións da OP no sistema educativo. 2.3. Organización e funcións da OP no ámbito laboral 2.4. A orientación profesional nas políticas de formación e emprego da UE.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais		1	0	1
Análise de fontes documentais	A15 A16 A19 A21 A25 C7	3	16	19
Sesión maxistral	A15 A17 A19	11	0	11
Aprendizaxe colaborativa	A18 A20 C3	4	8	12
Presentación oral	C1	1	1	2
Portafolios do alumno	A17 C4	0	13	13
Estudo de casos	A20 A21 A25	7	27	34
Proba mixta	A17 A19 A20	1	3	4



Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Actividades de coñecementos previos que se realizarán ao inicio de cada tema.
Análise de fontes documentais	As actividades de análise documental abordan distintas temáticas da materia: a) Análise do currículo das materias da especialidade e de dous libros de texto (actividade grupal) b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista (actividade grupal) c) Análise de documentos que permiten profundizar nalgún dos contidos da materia e que dos que se dará conta no portafolios (actividade individual) d) Análise dos sesgos sexistas nun libro de texto das materias da especialidade (actividade grupal)
Sesión maxistral	O método expositivo vai ser utilizado para presentar, explicar e sintetizar os contidos dos temas que integran o programa da materia.
Aprendizaxe colaborativa	A aprendizaxe colaborativa é o principio que ha de rexir nas actividades grupais de análise de fontes documentais e nas de estudo de casos.
Presentación oral	Presentación grupal dun dos estudos de caso e da análise dos sesgos sexistas nos libros das materias da especialidade
Portafolios do alumno	Consiste nun informe no que o alumnado da conta das aprendizaxes adquiridas, da súa aplicación no TFM e no período de prácticas e da relación existente co resto das materias do mestrado. No portafolios hai que incluir un mapa conceptual dos contidos da materia.
Estudo de casos	a) Deseño un programa de orientación profesional s que inclúa a perspectiva de xénero para un grupo de alumnado dun Programa de Cualificación Profesional Inicial.  b) Deseño de obxectivos, contidos e actividades que incorporen algúns dos ámbitos de utilización de Internet e da web 2.0.
Proba mixta	Está orientada á avaliación das aprendizaxes tanto teóricas como prácticas. Combina preguntas curtas e de síntese dalgúns dos contidos abordados na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Estudo de casos	A titoría vai ser grupal e individual. Ten como finalidade o apoio no proceso de aprendizaxe , o seguimento e supervisión dos estudos de caso que, como se indica na planificación, esixen de apoio personalizado, sendo obrigatorio asistir a dúas titorías.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A17 A19 A20	Preguntas curtas nas que se valoran as capacidades de análise, reflexión e relación e adquisición de coñecementos do ámbito da saber facer profesional.	20
Estudo de casos	A20 A21 A25	O alumnado ha de escoller dous estudos de casos dunha proposta de catro sobre distintas situacións problemáticas relacionadas coa orientación profesional: a utilización das tecnoloxías dixitais, a metodoloxía de aprendizaxe basada en proxectos, a integración do enfoque de xénero na orientación profesional e a curación e difusión de recursos dixitais de interese para a docencia no módulo de FOL.	35



Portafolios do alumno	A17 C4	Consiste nun informe no que o alumnado describe o proceso de aprendizaxe e as aprendizaxes adquiridas; valora a súa aplicación na realización do TFM, no período do Practicum e na elaboración da memoria do Practicum; establece relacóns co resto das aprendizaxes adquiridas nas materias do mestrado; identifica competencias profesionais e valora as súas necesidades de formación vincelladas a materia.	35
Análise de fontes documentais	A15 A16 A19 A21 A25 C7	As tarefas de análise documental abordan distintas temáticas da materia:  a) Análise do currículo das materias da especialidade e de libros de texto (actividade grupal). b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista (actividade grupal). c) Análise de documentos para afondar nalgúns contidos da materia (actividade individual). d) Análise dos sesgos sexistas nun libro de texto das materias da especialidade (actividade grupal).  Algunhas destas tarefas son optativas, podendo obter até un punto a maiores na cualificación global.  As tarefas grupais deste apartado desévolvense ao abeiro da aprendizaxe colaborativa	10

Observacións avaliación
-------------------------



## ACTUALIZACIÓN DO PERFIL PERSOAL

Como máis tardar, na terceira sesión de clase, todo o alumnado ha de actualizar o seu perfil na plataforma de moodle, pendurando unha foto actual.

**ASISTENCIA**  
A asistencia ás sesións presenciais é obligatoria. O alumnado con asistencia regular que non acudira a unha aula na que se realizase alguma actividade debérra de facer individualmente e entregala na seguinte sesión.. Se unha alumno/a non acada o 80% da asistencia, terá unha cualificación de non presentado na primeira oportunidade. A asistencia xustifícase en base a que unha boa parte das actividades de evaluación desenvolvense na aula. Na oportunidade de xullo realizará un exame teórico e práctico. Tamén se poderá acordar a realización dalgúnsas actividades. Aquelas persoas con matrícula a tempo parcial poderán acollerse a unha modalidade de evaluación específica. Para isto, cómpre solicitar unha titoría, antes ou inmediatamente despois do inicio da materia, co obxecto de establecer as actividades de evaluación e o proceso de supervisión e seguimento.

**REQUERIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA**  
A cualificación final será o resultado das puntuacións obtidas nas tres actividades de evaluación: Cartafol individual (4,5 puntos) Actividades grupais (3,5) Proba mixta (2 puntos) Para superar a materia é indispensábel obter a metade da cualificación en cada unha das tres actividades. Cando non se realice algunha das tres actividades a cualificación será non presentado. Na segunda oportunidade deberán de facerse as actividades de evaluación non superadas. O portafolio do alumnado é unha actividad individual e ha de conter os seguintes apartados: Aprendizaxes adquiridas (que sabía /que aprendín, utilizando como criterios os resultados de aprendizaxe da materia) Marcador social Reflexión sobre o proceso de aprendizaxe (forma de afrontar o estudo, dúbidas, dificultades e superación das mesmas, cuestións nas que afondar... Relación/vinculación coas materias do módulo xenérico e nomeadamente coas materias do itinerario de FOL. Aplicación na elaboración do TFM Aportacións para a observación e análise durante o Practicum Balance de competencias profesionais e ámbitos nos que seguir formándose. Elaboración dun glosario de termos e un mapa conceptual dos contidos da materia.Relación co resto das materias do módulo específico CARTAFOL GRUPAL

Ó rematar a materia e na data que se fixe, cada grupo presentará un cartafol grupal que ha de incluir:As actividades realizadas en grupo e unha reflexión/valoración sobre as aprendizaxes adquiridas.As fichas de auto-evaluación e co-evaluación das tarefas grupais e do funcionamento do grupo. Número e obxectivos das reunións realizadas.Balance sobre o funcionamiento do grupo (cambios introducidos para a súa mellora do funcionamiento do grupo, fortalezas e debilidades).Para cualificar as actividades grupais tense en conta a auto-evaluación e co-evaluación realizada entre e polas persoas do grupo. O procedemento e criterios para estas modalidades de evaluación serán fixados en colaboración co alumnado. FALTA DE

## INTEGRIDADE ACADÉMICA

### Ausencia de citación de fontes

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse,o uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da Normativa académica de evaluacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, que establece ?na realización de traballos, o plaxio e utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso naactividade?"Os contidos incluídos nos traballos deben estar referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 6ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que sere-elaboran. Plaxio

O plaxio en calqueira das actividades da evaluación serámotivo de suspenso. Falsificar unha sinatura

Asinar na folla de asistencia por unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de evaluación continua. Copiar nos exames

O uso indebiduo de información durante os exames tamén será motivo de suspenso.

**LECTURAS RECOMENDADAS** Normativa académica de evaluacións, cualificacións e reclamacións

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_evaluacion\\_revision\\_reclamacion Consolidado\\_I.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_evaluacion_revision_reclamacion Consolidado_I.pdf)

Plaxio

[http://www.ugr.es/~plagio\\_hum/0401Prevencion.htm](http://www.ugr.es/~plagio_hum/0401Prevencion.htm)

[http://www.ugr.es/~plagio\\_hum/](http://www.ugr.es/~plagio_hum/)

<http://blogbibliotecas.mecd.gob.es/2015/01/22/plagio-academico/>

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Sánchez García, María Fe (2013). Orientación profesional y personal. Madrid: UNED</li><li>- Alastruey, Rosaura. (2009). Emprego 2.0. Barcelona : Editorial UOC</li><li>- Echeverría, Benito (2008). Orientación profesional+. Barcelona: Editorial UOC</li><li>- Cobos, A; Gutiérrez_Crespo,E e Planas, A. (2012). La orientación profesional y la búsqueda de empleo. Experiencias innovadoras y técnicas de intervención que facilitan la inserción laboral. Barcelona: Editorial Grao</li><li>- Sobrado, Luís e Cortés, Alejandra (2011). Orientación profesional: nuevos escenarios y perspectivas. Barcelona: Editorial Biblioteca Nueva</li><li>- ()..</li></ul> <p>En moodel e para cada tema facilitase bibliografía e webgrafía específica, diferenciando a de lectura obligatoria e a de afondamento.</p>
Bibliografía complementaria	

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

&lt;div&gt; O profesorado da especialidade de FOL asume funcións no campo da &nbsp;orientación profesional. &nbsp;Algúns dos contidos dos módulos e das áreas da súa competencia docente, xunto coas funcións que a normativa lle atribúe, como membro do departamento de orientación dos IES e dos departamentos de &nbsp;orientación e información dos centros integrados de formación profesional, remarcán &nbsp;a necesaria especialización do profesorado de FOL no campo da orientación profesional.&nbsp;&lt;/div&gt;&lt;div&gt;&lt;br/&gt;&lt;/div&gt;&lt;div&gt; Por outra parte, a&nbsp;heteroxoneidade na formación inicial do alumnado que cursa a especialidade de FOL, que, fóra dalgunha excepción, non ten cursado materias relacionadas coa OP, unida á necesidade de formación específica neste campo &nbsp;xustifican a incorporación da materia de Orientación e Inserción Laboral &nbsp;no &nbsp;itinerario de Formación e Orientación Laboral.&nbsp;&lt;/div&gt;&lt;p&gt;&nbsp;Orientación e Inserción Laboral significase na dimensión profesionalizadora. A súa finalidade é contribuir &nbsp; a adquisición das competencias que permiten comprender o alcance da orientación profesional e o exercicio satisfactorio das funcións orientadoras propias da especialidade.&nbsp;&lt;/p&gt;

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías